

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, III: Francés-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, III: Francés-Galego			
Código	V01G230V01611			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernandez Rodriguez, Aurea Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Profesorado	Fernandez Rodriguez, Aurea Galanes Santos, Iolanda Gloria			
Correo-e	aurea@uvigo.es iolag@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia ten como obxectivos mellorar as competencias adquiridas na materia Tradución Idioma 2,II: a) Afondar nos procedementos e técnicas da tradución e analizar as dificultades que presenta o texto de partida. b)Perfeccionar as competencias necesarias para traducir textos non especializados redactados no idioma II, amosando a capacidade de comprensión do idioma II e a de expresión na lingua I. c) Iniciar o alumnado na tradución de textos especializados, que se abordará nas materias de cuarto curso do grao.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C22	Destrezas de tradución
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D12	Traballo en equipo
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio de comprensión do idioma II (francés). Dominar a lingua meta (galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos	A2 A3 A4	C3 C4 C13 C22	D4 D8 D22
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender textos máis complexos e de diferentes tipos redactados na lingua de partida. SUBCOMPETENCIA: Mellorar o coñecemento da historia e as culturas das dúas linguas adquiridas na materia Trad Idioma 2, II co fin de entender os textos así como coñecer os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais, etcétera	A1 A2 A3 A4	C3 C4 C13	D7 D8 D22
COMPETENCIA TEXTUAL: comprender a estrutura e os principios organizadores dun texto. SUBCOMPETENCIAS: Afondar na análise dos textos con criterios científicos e con vistas a recoñecer sen dificultades os diferentes tipos de textos (literarios, publicitarios...) e as súas funcións e características (argumentativos, expositivos, narrativos, ...)	A1 A2 A4	C3 C13	D12 D22
COMPETENCIA TRADUTORA: Perfeccionar as diferentes competencias adquiridas nas materias de Trad. Idioma II, 1 e Trad. Idioma II, 2 precisas para traducir un texto non especializado en lingua francesa. SUBCOMPETENCIAS: Afianzar a identificación dos axentes que interveñen no proceso de tradución (autor, mediador, tradutor, cliente, lector...) e a función comunicativa do texto. Perfeccionar a análise de cada texto, amosando o dominio das características de cada tipo de texto que é preciso traducir. Mellorar o coñecemento das distintas técnicas e estratexias de tradución. Identificar os problemas de tradución, aprender a resolvelos e argumentar as escollas. Mellorar o traballo con textos paralelos. Perfeccionar o manexo das ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Perfeccionar o traballo coas normas de revisión e presentación de traducións. Familiarizarse co mercado laboral. Reforzar as habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico (será obrigatorio elaborar e expoñer un traballo en grupo). En suma, o alumnado deberá perfeccionar todas as competencias necesarias para desenvolver calquera tradución dun texto non especializado coa responsabilidade esixida a un profesional da tradución.	A1 A2 A3 A4	C3 C4 C22	D4 D7 D8 D22

Contidos

Tema	
1. Nocións básicas	1.1 Aspectos contrastivos da trad. fr-glg 1.2 Xéneros documentais 1.3 Fontes de documentación 1.4 Proceso de tradución
2. A tradución de textos semiespecializados/de divulgación	2.2 Textos científicos 2.3 Textos técnicos
3. Introdución á tradución de textos especializados	3.1 Textos xurídicos 3.2 Textos administrativos 3.3 Textos económicos
4. A tradución de textos marcados culturalmente	4.1 Gastronomía 4.2 Literatura

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	3	5
Resolución de problemas e/ou exercicios	24	55	79
Presentacións/exposicións	4	4	8
Traballos de aula	10	30	40
Titoría en grupo	6	0	6
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Neste apartado de 2h a docente presentará a programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e comentará tamén a bibliografía e as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado de 24 horas, o alumnado deberá elaborar de forma autónoma traducións, pero baixo a supervisión da profesora. Realizaranse ademais exercicios de análises de texto, resumos e esquemas, exercicios de tradución con textos adaptados ao nivel do alumnado de Idioma II 3, así como a resolución de problemas propios dese nivel (dificultades de tradución) ou exercicios aplicados á teoría achegada durante as sesións maxistrais.

Presentacións/exposicións	Durante as 4 horas dedicadas a este apartado, o alumnado presentará o seu traballo en francés ou galego na clase.
Traballos de aula	O alumnado elabora traducións na aula baixo directrices e supervisión docente. Estes traballos poden estar vinculados aos traballos discentes fóra de aula.
Titoría en grupo	Revisión de tarefas e proxectos e resolución de dúbidas do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Presentacións/exposicións	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es
Titoría en grupo	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es
Probas	**Descrición**
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	As actividades propostas implican unha atención personalizada que se realiza nas sesións presenciais ou en titorías. Para o seguimento do curso utilizarase a plataforma TEMA: http://faitic.uvigo.es

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Neste apartado avaliaranse as traducións previamente preparadas fóra da aula e os exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora. Poderán ser exercicios que traten dificultades de tradución, análises de tradución... Terase en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado.	10	A1 A2 A3 A4	C3 C4 C13 C22	D4 D7 D8 D22
Presentacións/exposicións	O alumnado deberá presentar oralmente e por escrito o último día de clase, de maneira individual ou en grupo, un traballo encomendado a principios de curso. Serán traballos de investigación de campo e/ou lecturas para asimilar os contidos teóricos e desenvolver as competencias tradutivas.	10	A1 A3 A4		D12
Traballos de aula	Realizaranse e entregaranse 2 encomendas de tradución que contarán cada unha un 20% da nota final.	40	A1 A2 A3	C3 C4 C22	D4 D7 D8 D22
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Neste apartado, entregaráselle ao alumnado 1 texto para ser traducido na aula que tente simular situacións reais de traballo. Xunto con el formularase unha cuestión sobre a lectura obrigatoria que se indica a comezos de curso e en FAITIC. A data oficial da proba está publicada na páxina web da FFT e coincide coa data da proba para avaliación única da 1ª edición de actas (maio).	40	A1 A2 A3 A4	C3 C4 C13 C22	D4 D7 D8 D22

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá entregar os exercicios e traducións na plataforma FAITIC nos prazos marcados pola profesora. O alumnado que non entregue os exercicios nos prazos marcados deberá acollerse á avaliación única e realizar as probas que se especifican nos apartados para non asistentes. O alumnado que se acolla á avaliación continua e **obteña unha cualificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria PARA A 2.ª EDICIÓN DE ACTAS (xullo) nas condicións que se especifican máis abaixo 1ª EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO) PARA NON ASISTENTES**

O exame constará das seguintes partes: . tradución de francés a galego (70% da nota da proba) . comentario que xustifique as propostas de tradución (20% da nota da proba) . pregunta(s) sobre a lectura obrigatoria, que se indicará no comezo do cuadrimestre e que se consigna en Faitic (10% da nota da proba). Pódese usar documentación en papel e telemática.

2ª EDICIÓN DE ACTAS (XULLO) ASISTENTES E NON ASISTENTES De non superar a materia na primeira convocatoria, o alumnado poderá presentarse ao exame da nconvocatoria de xullo, que suporá o 100% da materia e terá lugar na data

oficial indicada por Decanato. O exame constará das seguintes partes: . tradución de francés a galego (70% da nota da proba) . comentario que xustifique as propostas de tradución (20% da nota da proba) . pregunta(s) sobre a lectura obrigatoria, que se indicará no comezo do cuadrimestre e que se consigna en Faitic (10% da nota da proba). Pódese usar documentación en papel e telemática Será preciso aprobar cada unha das partes (mínimo 5/10) para poder facer a media. O plaxio será penalizado coa cualificación de suspenso

Bibliografía. Fontes de información

A lectura obrigatoria indicarase no comezo do curso e consignarase en faitic para o coñecemento de todo o alumnado.
Dicionarios monolingües galego

Real Academia Galega. Dicionario:http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do

VV.AA (2006): *Dicionario Xerais da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.

Libros de estilo - francés

GAILLARD, Benédicte (2013): *Le Français de A à Z.* Paris. Hatier.

Libros de estilo _galego

Real Academia Galega Instituto da Lingua Galega (2013): *Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego*. Santiago de Compostela: RAG-ILG.

VV.AA. (2006): *Criterios para o uso da lingua*. A Coruña: Servizo de Normalización lingüística da Universidade da Coruña.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés/V01G230V01206
Tradución idioma 2, II: Francés-Galego/V01G230V01508

Outros comentarios

Nivel de francés mínimo recomendado para matricularse nesta materia: nivel B2 según el Marco Europeo de Referencia.